

## 26 de xuño. Día Internacional contra o uso indebido e o tráfico ilícito de drogas

### Pequena historia da cooperación internacional contra as drogas

Desde principios do século XX recoñeceuse o tráfico de drogas como un problema a nivel mundial que requería dunha solución global. Así, baixo o liderazgo de Nacións Unidas desenvolveuse ao longo de distintas décadas un sistema multilateral para controlar a produción, o tráfico e o abuso de drogas a través de diversos tratados internacionais. A día de hoxe, a adherencia é case universal.

Con todo e a pesar dos grandes esforzos realizados o problema da droga segue poñendo en perigo a saúde das persoas, sobre todo de nenos e mocidade, a seguridade e o benestar das sociedades, constituíndo unha seria ameaza para a estabilidade, a seguridade e a soberanía dos estados e os seus cidadáns. Por iso o Día Internacional contra a droga (26 de xuño) celébrase desde 1987.

A Oficina das Nacións Unidas contra a Droga e o Delito (UNODC) apoia aos Estados Membros na implementación dun enfoque baseado na evidencia e na saúde, así como os dereitos humanos e o marco internacional de control de drogas acordado. Un enfoque que implica: tratamento, apoio e rehabilitación; garantir o acceso a sustancias controladas para fins médicos; desenvolver medios de vida sostibles como alternativa ao cultivo de drogas e establecer acordos internacionais.

### ¿Para qué sirven os Días Internacionais?

Dannos a oportunidade de sensibilizar ao público acerca de temas de gran importancia como os dereitos humanos, o desenvolvemento sostible ou a saúde, cuestións e desafíos que preocupan ao conxunto da humanidade. Ao mesmo tempo a colaboración dos medios de comunicación é clave para captar a atención da opinión pública e sinalar que existen importantes problemas sen resolver.

**O obxectivo é dobre: por unha banda que os gobernos tomen medidas, e por outro que os cidadáns coñezan mellor a problemática e esixan aos seus representantes que actúen.**

En xeral, multitude de persoas de todas as profesións e condicións sociais implícanse, dunha ou outra maneira, na celebración dos días internacionais. Ademais de sensibilizar, a ONU aproveita estes días para aconsellar aos Estados sobre accións para atallar os graves problemas ao redor dos que viran moitas destas datas.

# O Día Internacional contra a Droga en Galicia

## Campaña Panos Brancos contra a Droga

En Galicia temos a nosa maneira de conmemorar o Día, e facémolo desde 2005 co símbolo das bandeiras brancas como aposta por unha vida saudable; unha vida limpa que enriquece ás persoas, fronte ao escuro mundo das adiccións e o narcotráfico. Porque nesta terra sabemos desde fai anos que os narcotraficantes non son heroes nin filántropos, senon delincuentes rexeitados pola sociedade galega.

Esta campaña de sensibilización social, organizada pola FGCN en colaboración con colectivos sociais, entidades e concellos de toda Galicia converteuse desde a súa primeira edición no maior e máis contundente movemento social de rexeitamento ás drogas e o narcotráfico, contando co apoio, entre outras institucións, da FEGAMP e o Parlamento de Galicia. Os actos centrais da campaña desenvólvense de xeito itinerante, cada ano nunha cidade distinta para cadar a maior difusión da mensaxe preventiva.

Lamentablemente este ano non podemos conmemoralo do xeito habitual por mor do coronavirus. Pero, como dicía Pablo Neruda: *Poderán cortar todas as flores, pero non poderán deter a Primavera.*

**Co teu apoio imos florecer en RRSS e Internet para conmemorar a data**

***Colabora difundido a mensaxe. No Día Internacional contra a Droga, Comparte SAÚDE.***

